



## A DIFERENCIA DE IDADE FOI DETERMINANTE

Partido amigable disputado na tardiña do venres en Prados Vellos ante un bo número de espectadores.

Ares 16 de agosto de 2013.

### ALIÑACIÓNS

**NUMANCIA:** Romaus, Manu, Dani, Raúl, Marcos, Vascós, Fran Anido, Mario, Martín, Alex Feal. Tamén xogaron: Rubén, Jaime, Javi, Josema, Antonio, Diego e Cristian.

**C. MANIÑOS:** Samuel, Ramón, Borja, Alex, Agustín, Dani, Barreiro, Santi, David, Daniel, Alberto, Mario e Jael.

**ARBITRO:** Diego Bouza Pena. Sen incidencias no seu debut en fútbol - 11.

Primeiro partido de pretemporada para o Numancia infantil 2013-2014. O equipo rival foi o Cultural Maniños que xogou cos seus xogadores cadetes de primeiro ano ó non poder contar con xogadores infantís nesta fin de semana.

Nos primeiros 20 minutos, houbo moita igualdade e moito centrocampismo. Nos últimos 20 minutos da primeira metade o conxunto visitante impuxo o seu poderío físico e a súa maior velocidade para anotar tres goles e irse ó descanso cun 0 - 3 o seu favor.

Na segunda metade, arrincaron forte ós numantinos que lle perderon ó respecto o seu rival de superior idade e tiveron un par de ocasións claras de gol. Co paso dos minutos o cansancio fixo mella nos xogadores locais; circunstancia aproveitada polos cadetes do Maniños para anotar outros tres goles e deixar o anéctodico resultado do partido en 0 - 6 favorable ós feneses; como era lóxico dado a idade dos participantes no encontro.

En resumo, boa primeira pedra de toque para os infantís do Numancia que fixeron un bo

traballo físico e unha formidale labor defensiva ante un equipo de superior categoría. O ritmo, a velocidade, a forza... non é a mesma en infantís que en cadetes e iso notouse. Mais aínda cando para moitos dos xogadores numantinos era o seu primeiro partido de fútbol - 11; incluídos para os xogadores alevíns do Numancia, Mario e o porteiro Rubén que tiveron unha magnífica actuación cos infantís.

Queremos aproveitar tamén esta crónica para dar a benvinda a Cristian Martínez, un novo xogador do Numancia infantil procedente do Cultural Maniños alevín. Esperemos que esta sexa a súa casa por moitos anos.

A vindeira semana o Numancia infantil adestrará o luns e o martes de 18:20 a 20:00. Para ó xoves 24 está marcado o segundo partido amigable da pretemporada ante a S.D.R. Portuarios &quot;B&quot; as 18:30 en Prados Vello. ¡¡¡Non faltedes!!!

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!